

*Resolución do 9 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa Cultura no Camiño, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, se convocan para o ano 2026 (código de procedemento CT 302B).*

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, de acordo co que establece o artigo 27.19, do Estatuto de autonomía de Galicia, exerce a competencia en exclusiva en materia de fomento da cultura e no artigo 32, establece que lle corresponde ao Goberno da comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego en consonancia do establecido no artigo 148. 1º 13 e 17 da Constitución Española.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define a Axencia Galega das Industrias Culturais no seu artigo 1.2 como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, establecendo no seu artigo 3.1 que “ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na aportación de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación dos ingresos suficientes e estables” e no artigo 5 establece como unha das súas funcións “promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega” a novos mercados dentro e fóra de noso país, e en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Con esta convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais, quere dar resposta á demanda cultural dun público diverso –os propios cidadáns, así como visitantes e peregrinos– que poderán gozar de espectáculos e concertos de todos os xéneros ademais de descentralizar a oferta cultural e dinamizar gran parte do territorio galego. Ao tempo, con esta convocatoria, dinamízase a contratación dos espectáculos producidos de xeito profesional en Galicia.

Por todo isto, en consonancia co seus obxectivos inmediatos, e no uso das atribucións que me foron conferidas,

## RESOLVO:

### *1. Convocatoria e bases reguladoras*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, pola que se rexerá a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o fomento das artes escénicas e musicais de carácter profesional nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e se convocan para o ano 2026 (CT 302B).

### *2. Persoas beneficiarias*

Poderán ter a condición de persoas beneficiarias destas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, recoñecidos pola Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural e delimitados polo correspondente Decreto, así como aqueles nos que se ditou acordo de inicio para súa tramitación.

### *3. Financiamento*

O crédito destinado ao financiamento desta convocatoria é de 250.000 euros con cargo ao orzamento do ano 2026 da aplicación orzamentaria 13.A1.432B.760.0 do código de proxecto 2015-00003.

### *4. Solicitudes*

4.1. Para poder ser persoa beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo oito, e deberase cumprir cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras.

4.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes e iniciarse aos 5 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de inicio comezará ás 9:00. horas. No caso de que o día de inicio do prazo sexa inhábil, comezará o día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A hora fin de prazo de vencemento será as 14:00 horas.

### *5. Prazo de duración do procedemento de concesión*

As solicitudes tramitaranse polo procedemento de concorrència non competitiva de xeito abreviado e polo esgotamento do crédito, que non poderá ter unha duración superior aos cinco meses contados dende o día seguinte desta convocatoria.

## 6. Información ás persoas interesadas

6.1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Axencia Galega das Industrias Culturais, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da Axencia Galega das Industrias Culturais:

<https://industriasculturais.xunta.gal>

b) Teléfonos: 881 99 60 77 /881 99 60 78.

c) Enderezo electrónico: [agadic@xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal)

d) Persoalmente.

e) Guía de procedementos e servizos administrativos, no enderezo <http://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>.

6.2. Así mesmo, para cuestións xerais sobre este procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia 012.

6.3. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

## 7. Réxime de recursos

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

## 8. Base de datos nacional de subvencións

En cumprimento do disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

### *9. Rexistro público de subvencións*

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e para ser persoa beneficiaria da axuda levará implícita a autorización, para a inscrición dos datos facilitados na solicitude. Non obstante, as persoas ou entidades solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións, cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

José Carlos López Campos

## ANEXO I

*Bases reguladores de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, e convocatoria para o ano 2026 (Código de Procedemento CT 302B).*

*Artigo 1. Obxecto, finalidade, réxime e principios de xestión*

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e dentro das súas competencias ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras das subvencións destinadas a financiar programacións culturais realizadas por entidades locais polas que discorren os diferentes Camiños de Santiago para contribuír á promoción das artes escénicas e musicais, e aprobar a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT302B).

2. Estas axudas teñen como finalidade o fomento das artes escénicas e musicais de carácter profesional, en particular de teatro, música, danza, novo circo e maxia, a través de programacións culturais a desenvolver entre do 15 de xuño e o 31 de agosto de 2026, en concellos polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago en Galicia.

3. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para o mesmo proxecto, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais pero incompatibles con calquera outra concedida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

No caso de percibirse outras axudas, deberanse acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. En ningún caso a suma dos importes das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do custe do evento. No caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

5. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de conformidade co disposto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

6. As subvencións serán concedidas ata o esgotamento do crédito orzamentario, de acordo co establecido nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo procedemento abreviado e por orde cronolóxica, tendo en conta a data e hora de entrada no Rexistro. Para estes efectos considerárase como data e hora de presentación a última entrada de documentación que complete o expediente da solicitude.

7. A proposta de concesión formularase polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos para conceder a subvención, sen que sexa necesario realizar a comparación das solicitudes presentadas.

## Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias destas axudas os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago, recoñecidos pola Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural e delimitados polo correspondente Decreto, así como aqueles nos que se ditou acordo de inicio para súa tramitación:-

2. As entidades locais galegas poderán presentar a súa solicitude individual ou conxuntamente como agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou outra fórmula similar. Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado, metropolitano ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

3. As entidades solicitantes, no momento de presentación da súa solicitude, ademais de cumprir os requisitos e condicións establecidos nesta convocatoria e na normativa aplicable, deberán ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das últimas contas xerais de cada exercicio orzamentario.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas subvencións as entidades que concorran algunha das circunstancias ou prohibicións indicadas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de

novembro, xeral de subvencións, así como nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, as entidades solicitantes declararán non estar incursas en tales circunstancias, consonte o establecido nesta convocatoria (anexo II, apartado “A persoa representante declara”).

### Artigo 3. *Financiamento, contías máximas e intensidade das axudas*

1. O crédito global destinado ao financiamento destas axudas é de 250.000 euros da aplicación orzamentaria 13.A1.432B.760.0 do código de proxecto 2015-00003 dos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o 2026.

2. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda e sempre antes da resolución da convocatoria. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

A alteración da distribución do orzamento establecido nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

3. A intensidade máxima da axuda por entidade solicitante, con carácter xeral será:

- os concellos de ata 20.000 habitantes, recibirán unha contía global fixa de 2.500 euros para a totalidade da programación, que corresponderá ao 50% do caché de cada unha das actividades programadas.

- os concellos de máis de 20.000 habitantes, recibirán unha contía global fixa de 3.500 euros para a totalidade da programación, que corresponderá ao 40% do caché de cada unha das actividades programadas.

No suposto de solicitudes conxuntas aplicarase as cantidades anteriores a cada membro da agrupación en función do seu número de habitantes, sen que se poda superar os límites establecidos no punto anterior.

4. As solicitudes que, cumprindo os requisitos non acaden subvención, por esgotamento de crédito asignado, pasarán a formar unha listaxe de garda respectando a orde de prelación das solicitudes.

5. Este expediente tramítase como anticipado de gasto, e no ano 2025 poderase achegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Todos os actos ditados no expediente de gasto regulado por esta resolución entenderase condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento do ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento que se produciron aqueles e na concesión de subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

#### Artigo 4. *Proxectos subvencionables*

Considérase proxecto subvencionable a realización dunha programación cultural que cumpra os seguintes requisitos:

- deberá desenvolverse entre o 15 de xuño e o 31 de agosto de 2026.
- deberá conter como mínimo dúas contratacións de teatro, danza, música, circo ou maxia cun orzamento total superior a 5.000 euros (IVE incluído) nos concellos de ata 20.000 habitantes e de 8.750 euros (IVE incluído) nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

#### Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de maneira indubidable, correspondan aos cachés das compañías/grupos que configuran a programación.

2. O gasto considerarase realizado, con carácter xeral, cando se contabilice o recoñecemento da obriga por parte do órgano competente da entidade local, con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nestas bases.

As entidades locais beneficiarias deberán acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data de ingreso na conta bancaria da entidade local beneficiaria do aboamento da subvención de conformidade co establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, de 6 outubro pola que se regula as especialidades de subvencións ás entidades locais galegas.

3. Non serán gastos subvencionables:

- Os gastos derivados de calquera tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non recuperable.
- Os gastos de xuros debedores en contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais, e os gastos dos procedementos xudiciais.

## Artigo 6. *Presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo II) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

## Artigo 7. *Prazo de presentación das solicitudes e emenda*

1. O prazo para a presentación das solicitudes será dun mes e iniciarse aos 5 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de inicio comezará ás 9:00. horas. No caso de que o día de inicio do prazo sexa inhábil, comezará o día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

A hora fin de prazo de vencemento será as 14:00 horas.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación esixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

3. Para estes efectos considerarase como data de presentación da solicitude aquela que fose realizada a emenda, xa que aos efectos da concesión das axudas, terase en conta o orde

cronolóxica de entrada, considerándose como data de presentación válida aquela na que o expediente sexa presentado completo, incluídas as achegas realizadas coa solicitude correctamente cuberta e aportada toda a documentación esixida na presente resolución.

#### Artigo 8. *Documentación complementaria*

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo II), a seguinte documentación:

1.1. Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

1.2 Acreditación do cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais do último exercicio.

1.3. Certificación emitida e asinada polo secretario ou secretaria da entidade local solicitante, na que se faga constar o acordo do concello polo que se solicita a subvención.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da entidade interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á entidade interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

3. A entidade solicitante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola entidade interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación destes de forma presencial dentro dos prazos previstos na nesta convocatoria. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Sen prexuízo da documentación esixida para este procedemento, a axencia poderá requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

#### *Artigo 9. Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

-DNI ou NIE da persoa representante.

-NIF da entidade solicitante

-Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

-Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social.

-Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

-Consulta de concesións de subvencións e axudas.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

### Artigo 10 *Publicación*

1. A resolución deste procedemento publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e contra e será recorrible conforme co artigo 30 da presente resolución.
2. Así mesmo, de forma complementaria, poderase efectuar a notificación de todos os actos administrativos de acordo co establecido nos puntos seguintes.

### Artigo 11. *Notificacións de resolucións e actos administrativos*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica. gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar trala presentación da solicitude, deberán ser efectuados electrónicamente accedendo á Carpeta Cidadá, da entidade interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 13. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencias contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

### Artigo 14. *Instrución do procedemento*

1. Na concesión das subvencións seguirase un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola dirección da Axencia, elevándoos á presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As solicitudes de subvención examínanse e serán outorgadas sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro, considerándose como data de presentación válida aquela no que o expediente sexa presentado completo, incluídas as achegas realizadas coa solicitude correctamente cuberta e aportada toda a documentación esixida na presente resolución.

2. Ao tratarse dunha convocatoria aberta na que se dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, unha vez esgotado o crédito da partida orzamentaria asignada, inadmitíranse as posteriores solicitudes publicándose dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Axencia galega das Industrias Culturais.

Dende o momento en que se esgote o crédito orzamentario, non serán outorgadas novas subvencións, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4 da Lei de subvencións de Galicia.

3. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instructor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º Requirir das entidades solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.

3º Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

4. Co fin de facilitar unha mellor xestión das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria ás entidades interesadas, así como a outros servizos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ou aos profesionais ou expertos consultados.

En todo caso, a Dirección da Axencia poderá requirir ás entidades solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Dirección da Axencia e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levarán a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que derivasen destas bases.

Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Axencia para comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

5. Instruído o procedemento, o órgano instructor, á vista do expediente, e da súa documentación, ditará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas que elevará á Presidencia do Consello Reitor da Axencia.

#### Artigo 15. *Resolución da convocatoria*

1. A Presidencia do Consello Reitor da Agadic, por delegación do Consello Reitor (disposición adicional do acordo de data 24 de xullo do 2012 (DOG 164, do 29 de agosto) deberá ditar resolución expresa no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución e no prazo de

cinco meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e convocatoria no Diario Oficial de Galicia..

2. A resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (<https://industriasculturais.xunta.gal/es>), polo cal se entenderán notificadas, para todos os efectos as persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Será motivada e fará mención expresa, cando menos,

- a) Da relación de entidades beneficiarias da axuda,
- b) Das solicitudes inadmitidas e as desistidas, indicando a causa de non admisión ou desistimento.
- c) A desestimación xeneralizada do resto das solicitudes.

3. A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

4. Esta resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpor os recursos establecidos no artigo 30 destas bases.

5. O vencemento do prazo máximo indicado sen que se publique ou notifique a resolución posibilitará que as persoas interesadas poidan entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

#### *Artigo 16. Aceptación e renuncia da subvención*

1. Unha vez notificada a resolución, as entidades beneficiarias comunicarán á axencia a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se publicará na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. A persoa titular da Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da devandita norma.

### Artigo 17. *Presentación do proxecto de programación*

As entidades locais beneficiarias, unha vez notificada a adxudicación da subvención, disporán dun prazo non superior a 10 días naturais para comunicar, a través da sede electrónica, as actividades contratadas ao abeiro da subvención concedida.

As actividades susceptibles de ser contratadas estarán dispoñibles para coñecemento das entidades beneficiarias na plataforma de xestión da axencia, [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal).

### Artigo 18. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas seguintes obrigas e quedarán suxeitas ás recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en concreto, estarán obrigadas a: cumprir o obxectivo e realizar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, xustificando nos prazos e forma establecidos o cumprimento dos requisitos así como o cumprimento da finalidade da subvención e a realización do proxecto que fundamentou a concesión da subvención, destinando os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos executando a totalidade das actuacións que fundamentan a resolución de concesión, sen prexuízo das modificacións autorizadas.

2. E en particular deberá cumprir coas seguintes obrigas.

a) Realizar a programación nos prazos establecidos pola Agadic, a través da páxina de xestión [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal) e remitila á Agadic a través da sede electrónica cos requisitos e prazos establecidos nestas bases.

As programacións deberá recoller un mínimo de dúas actuacións e deberán contemplar dúas das cinco disciplinas ofertadas (teatro, circo, danza, música e maxia).

b) Contratar espectáculos de teatro, danza, circo, maxia e/ou concertos de música de calquera modalidade, producidos e distribuídos por empresas adicadas profesionalmente ás artes escénicas ou musicais con sede, domicilio social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, quedando excluídas as asociacións culturais.

c) Formalizar a contratación destas actividades mediante un contrato de actuación artística de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.

d) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación 100% do caché ou/e importe estipulado no contrato.

e) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.

f) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da axencia: [www.galescena.gal](http://www.galescena.gal) nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

g) Comunicar, con antelación suficiente, á axencia calquera modificación da programación en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

h) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención. Tanto nos actos públicos como en todo o material de difusión que se elabore, incluídas notas de prensa e formatos específicos para redes sociais, debe facerse mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Adicionalmente, a persoa beneficiaria comprométese a utilizar en todo o material de difusión que se produza, tanto dixital como impreso, o logotipo oficial da marca principal da Xunta de Galicia, dispoñible no enlace web: <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>, seguindo na medida do posible as normas relativas á convivencia con outras marcas que se especifican no Manual de Uso da Identidade Corporativa da Xunta e respectando o tamaño mínimo de reprodución que garanta a lexibilidade.

Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta da persoa beneficiaria da subvención.

3. O incumprimento das anteriores obrigas por parte das entidades adxudicatarias dará lugar á esixencia das responsabilidades ou sancións previstas no título IV da Lei 9/2007, sen prexuízo do disposto nestas bases.

#### *Artigo 19. Modificación da resolución de concesión*

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

2. As entidades beneficiarias teñen a obriga de solicitar á axencia a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado. Para que tales modificacións poidan ser tidas en conta na xustificación deberán ser previamente aceptadas pola persoa titular da Dirección da Agadic de conformidade coa disposición adicional primeira da presente resolución. As alteracións non autorizadas, ou non solicitadas, poderán dar lugar á minoración da subvención concedida ou á súa revogación.

3. Non se aceptarán modificacións que afecten os requisitos para poder optar ás subvencións esixidos na cláusula cuarta da presente resolución.

4. En canto ao resto das modificacións solicitadas, a axencia poderá acordar, de xeito motivado, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

#### *Artigo 20. Xustificación da subvención*

1. Os gastos xustificados deberán responder, de maneira indubidable, á natureza da actividade subvencionada e só se considerará gasto o que foi efectivamente realizado e pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

2. O prazo máximo de xustificación da subvención concedida rematará o 10 de setembro de 2026.

3. A xustificación dos gastos realizarase mediante a modalidade de conta xustificativa, a través da presentación por parte da entidade local ante o órgano concedente do cumprimento da finalidade da subvención, a realización das programacións e o seu custo real, esta xustificación deberá estar integrada por:

– Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe do/da alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

a) O cumprimento da finalidade da subvención.

b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente ou pago.

Non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Que, segundo o informe da intervención municipal, se tomou razón en contabilidade, na fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado, con data anterior ao prazo de xustificación, 10 de setembro de 2026.

d) Que na tramitación dos procedementos de contratación necesarios para realizar as actuacións programadas cumpriuse coa normativa de aplicación no ámbito local e especialmente a que rexe as contratacións das administracións públicas, e serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que dos incumprimentos poidan derivar. En todo caso, deberán aterse ao establecido no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

e) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios.

f) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta economicamente máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na cal se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

4. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financian a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa orixe xunto co compromiso de comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña a partir da data da declaración .

5. Transcorrido o prazo sen que se presente a xustificación ~~ante a axencia ou ante a Carpeta cidadá,~~ ~~tratándose de suxeitos obrigados a presentar a través da Carpeta cidadá,~~ requirirase as entidades beneficiarias para que a presenten no prazo improrrogable de dez días.

6. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, ditarase a oportuna resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7. O órgano concedente da subvención terá a obriga de comprobar o cumprimento pola persoa beneficiaria dos requisitos establecidos na presente resolución para proceder ao pagamento das subvencións incluíndo no expediente un certificado acreditativo da verificación realizada e o alcance das comprobacións practicadas, de conformidade co artigo 58 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

#### Artigo 21. *Pagamento da subvención*

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizarase sempre e cando sexa recibida a documentación xustificativa da subvención, acreditando o cumprimento de que a actividade foi executada de acordo coa programación presentada e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos á conta.

2. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención outorgada en canto a entidade beneficiaria non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. A axencia procederá á comprobación e

consequente verificación destes datos ou ben no caso que os interesados se opoñan deberán indicalo e achegar os documentos.

3. A acreditación documental da efectividade dos pagamentos efectuados realizarase no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das entidades beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas de acordo co previsto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

4 Sen prexuízo das obrigas dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias das subvencións quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. As actuacións subvencionadas deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado.

5. As entidades beneficiarias deberán proporcionar en todo momento a información que sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación da axencia, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

#### *Artigo 22. Perda de dereito ao cobro da subvención*

1. É causa de perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento da entidade beneficiaria da súa obriga de estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
2. Así mesmo, son causas de perda do dereito ao cobramento da subvención as previstas como causas de reintegro se non se tivese abonado a axuda.
3. O procedemento para declarar a perda do dereito ao cobramento da subvención é o establecido para o reintegro.

#### *Artigo 23. Causas de reintegro*

1. A entidade beneficiaria deberá cumprir cos obxectivos, actividades e comportamentos que fundamenten a concesión da axuda, así como cos compromisos asumidos durante o tempo de duración da axuda. De non ser así, perderá o dereito ao seu cobramento e/ou, de ser o caso, procederá ao reintegro da subvención.
2. Tamén deberán proceder ao reintegro total ou parcial da subvención e os xuros de mora correspondentes desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia

do reintegro nos supostos recollidos nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007. Para facer efectiva esta devolución, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na citada lei e no Decreto 11/2009.

3. Son causas de reintegro as seguintes:

- a) O falseamento, inexactitude ou omisión dos datos fornecidos pola entidade beneficiaria que servisen de base para a concesión da axuda, ou a ocultación daqueles datos que a impedisen.
- b) O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, tarefas, compromisos ou condicións do proxecto inicial ou da finalidade para a que a axuda foi concedida.
- c) O incumprimento da obriga de xustificación, xustificación insuficiente, xustificación fóra do prazo establecido, falsidade, terxiversación ou ocultación nos datos ou documentos que serven de base para xustificar os investimentos subvencionables, ou outras obrigas impostas na resolución de concesión da axuda.
- d) O incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas artigo 18 destas bases.
- e) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) A obtención de financiamento de distintas procedencias ou concorrencia de subvencións por riba do custo das actividades subvencionadas.
- g) Calquera das demais causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

#### Artigo 24 . *Gradación dos incumprimentos*

1. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do proxecto ou da obriga de xustificación, será causa de perda do dereito ao cobramento ou de reintegro total da subvención.

En particular, consideraranse incumpridos os obxectivos da axuda cando non se xustifique polo menos o 60 % dos custos do proxecto con respecto ao gasto previsto.

2. O incumprimento parcial dos obxectivos ou a non execución de actividades concretas do proxecto dará lugar á perda parcial do dereito ao cobramento da subvención nas porcentaxes que se determinen nos parágrafos seguintes ou, de ser o caso, ao reintegro parcial da subvención.

O alcance do incumprimento determinarase en proporción ao investimento deixado de practicar ou practicado indebidamente, e minorarase a subvención proporcionalmente.

3. Son causas de reintegro parcial os seguintes casos de incumprimento:

- a) Perda dun 5 % da subvención concedida por non dar publicidade ao financiamento do proxecto obxecto da subvención segundo o establecido nestas bases.
- b) Perda dun 5 % da subvención concedida por non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvencións, unha vez recalculada e descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

A concorrencia de distintas causas de incumprimento dará lugar á apreciación conxunta destas, aplicando á intensidade da axuda o factor que resulte do produto de todos os factores de corrección. No caso de que algún dos factores de corrección sexa negativo, a intensidade da axuda será cero.

A aplicación do factor de corrección realizarase coa revisión da xustificación da última anualidade e, de ser o caso, requirirase a entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. A falta de devolución destes nos prazos requiridos dará lugar á incoación do expediente de reintegro nos termos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007 e no título V do Decreto 11/2009.

No caso das condicións que constitúan obrigas que a entidade beneficiaria debe acreditar na fase de xustificación (obrigas de publicidade, comunicación doutras axudas, etc.), estas deberán xustificarse en todo caso para proceder ao pago da subvención, polo que a gradación fixada neste punto soamente resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecten en controis posteriores ao pagamento por algún incumprimento relativo a estas obrigas.

#### *Artigo 25. Procedemento de reintegro*

- 1. Se aboada parte ou a totalidade da axuda acaecesen os motivos que se indican no artigo 23 desta resolución, incoarase o correspondente expediente de reintegro, o cal se tramitará conforme ao previsto nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007.
- 2. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento de pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.
- 3. O procedemento de reintegro de subvencións iniciarase de oficio pola persoa titular da Dirección da Agadic de conformidade coa disposición adicional primeira da presente resolución, e comunicarase á entidade beneficiaria a iniciación do procedemento de declaración de perda do dereito, ou de reintegro, e as causas que o fundamentan, seguindo o procedemento establecido para o reintegro nos artigos 37 e seguintes da Lei 9/2007, e 77 e seguintes do Decreto 11/2009.

4. A resolución do procedemento de reintegro poñerá fin á vía administrativa. Contra esta resolución de reintegro, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta for expresa.

Se o acto non for expreso, a entidade solicitante e outras posibles entidades interesadas poderán interpor o recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo co previsto nesta resolución, se produzan os efectos do silencio administrativo. Todo isto segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

5. Sen prexuízo do anterior, ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50 e seguintes da Lei 9/2007, e no título VI do Decreto 11/2009.

#### Artigo 26. *Control*

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento do obxectivo das subvencións.

2. A Axencia Galega das Industrias Culturais, polos medios que considere, poderá realizar en calquera momento as visitas, comprobacións e solicitudes de aclaracións que considere necesarias para o correcto desenvolvemento das actuacións financiadas, así como para acreditar o cumprimento das medidas de publicidade de orixe dos fondos. Se se constata unha incorrecta utilización dos fondos ou desvío dos obxectivos, propoñerase o reintegro da subvención concedida.

3. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### Artigo 27. *Medidas antifraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do sistema interno de información da Axencia Galega das Industrias Culturais ou do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través das canles habilitadas para o efecto:

<https://industriasculturais.xunta.gal/es/transparencia> (no formulario que se desexa utilizar, anónimo ou con identificación, seleccionárase o apartado “Canles específicas” e, dentro del, elixírase a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) ou <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>).

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente.

#### Artigo 28. *Normativa aplicable*

1. A normativa aplicable a estas subvencións axustarase ao disposto nesta resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara o fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes Camiños de Santiago para o ano 2026, así como a:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e supletoriamente á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- c) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, a Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- f) Demais normativa de xeral aplicación.

#### Artigo 29. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, entidade beneficiaria, contía e finalidade da subvención.

#### Artigo 30. *Réxime de recursos*

A convocatoria destas axudas, as súas bases, resolucións de concesión e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados interpoñendo os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.
- b) Recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao de publicación ao da publicación da resolución de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei

29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

En aplicación da disposición adicional do Acordo do 24 de xullo de 2012, do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, que establece que “ o réxime de delegación en materia de axudas e subvencións públicas será o que se estableza, de ser o caso, nas correspondentes resolucións de convocatoria”, delégase no director da Axencia Galega das Industrias Culturais as modificacións, aceptacións das renuncias presentadas e outras incidencias das axudas previstas nesta orde, tales como redistribucións de anualidades, acordos de inicio e resolucións de procedementos de reintegros e perdas de dereito total ou parcial ao cobramento da subvención.

Disposición adicional segunda. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase o director da Axencia Galega das Industrias Culturais para que leve a cabo as actuacións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta resolución.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela

José Carlos López Campos.

Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais